

OUROS NO DESTERRO: NOTAS ENCOL DE DOUS CONXUNTOS INÉDITOS DE OURIVESARÍA CASTREXA ACTUALMENTE DEPOSITADOS NO M.A.N.

Xosé Lois Ladra Fernández

Resumen

Después de hacer una breve introducción al tema y aclarar ciertos conceptos, método y criterios empleados, se analizan dos conjuntos de orfebrería castrexa actualmente depositados en el Museo Arqueológico Nacional, elaborándose el inventario de estas peculiares piezas al tiempo que se establecen sus paralelos más inmediatos. Asimismo, se procede a un análisis tecnológico y ponderal, éste último en línea con nuevos enfoques de estudio recientemente introducidas en el ámbito de la joyería castrexa.

Resume

Despois de facer unha breve introducción ao tema e aclarar certos conceptos, metodoloxía e criterios empregados, analízanse dous depósitos de ourivería castrexa actualmente conservados no Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid), elaborándose o inventario destas singulares pezas ao tempo que se establecen os seus paralelos máis inmediatos. Procédese a unha análise tecnolóxica e ponderal das pezas procurando a consolidación de certas novidades nos enfoques de estudo deste tipo de materiais que dende datas moi recentes comezan a introducirse no noroeste.

1.- INTRODUCCIÓN⁽¹⁾

O estudo da ourivesaría castrexa espertou o interese dos investigadores modernos xa dende finais do século pasado. Á riqueza aurífera propia do Noroeste engádesse a multitude de achádegos dispersos, publicados ou non, que, xunto á súa beleza e valor intrínsecos amosan unha mancha de posibilidades para reconstruír ao traveso desta peculiar manifestación da cultura material as sociedades protohistóricas do Fisterre ibérico.

En datas recentes —comezos dos anos noventa— e ao carón de profesionais de certa soleira xurde unha nova xeración de mozos e mozas entusiastas que, por medio de

⁽¹⁾ O presente artigo forma parte dun proxecto de investigación desenrolado no Departamento de Historia Antigua da Universidad Complutense ao abeiro dunha bolsa de colaboración perante o curso 1995-96. Quero expresar públicamente o meu agradecemento ao persoal do M.A.N., especialmente a Magdalena Barril, Esperanza Manso (Departamento de Protohistoria e Colonizacións), Carmen Alfaro, Carmen Marcos, Paloma Otero, José María Vidal (Departamento de Numismática) e Pilar Martín (Arquivos). Asimesmo, agradezo a Alicia Perea os seus útiles comentarios e a Marisa Ruíz-Gálvez o seu ánimo, apoio constante e valiosísimas suxerencias, froito das nosas diversas conversas arredor do tema.

meritorias aportacións, maioritariamente inéditas e realizadas principalmente a xeito de teses de licenciatura⁽²⁾ pretende retomar os estudos de ourivería a partir da elaboración dun corpus que recolla a práctica totalidade das pezas existentes.

Este artigo pretende ser unha pequena aportación á realización deste proxecto, presentando o rexistro e inventario de catorce pezas que até o momento presente, permanecían inéditas.

2.- CONCEPTOS, METODOLOXÍA E CRITERIOS

Nas abondosas publicacións relativas ao estudo da ourivería sempre se deu, polo xeral, unha certa confusión á hora de empregar un vocabulario común de ampla aceptación compartida por tódolos arqueólogos. Neste sentido, unha significativa aportación foi o traballo de M.^a L. de la Bandera, alomenos no concernente ao apartado das técnicas (BANDERA, 1986). A terminoloxía que empregarei neste traballo será basicamente a desenrolada por esta autora coa finalidade de evitar calquer tipo de malentendidos.

No referente á nomenclatura tipolóxica das diferentes partes que integran os torques quero facer dúas precisións. En primeiro lugar, ao falar dos remates é frecuente atopar o termo clasificatorio de “dupla escocia”. Coido que este desgraciado préstamo tomado do vocabulario arquitectónico non se axusta estrictamente á realidade arqueolóxica observada e, pola inercia das tarefas desenvolvidas até o presente, actuou coma verdadeiro *caixón de xastre* no que entraron morfoloxías moi heteroxéneas que precisan dunha revisión máis axeitada fronte ao criterio uniformizador que este vocábulo representa. Neste estudo falarei a miúdo de remates mixtos cando o considere oportuno, aínda que respectarei provisoriamente o tipo “duploescócico” clásico —e máis acorde co significado real do termo— nos casos precisos.

Por outra parte, tamén é algo cotián oír falar de torques ternarios divididos en tercios, cando eu penso que sería máis axeitado referirmonos a torques de estrutura ornamental ternaria —é dicir, pezas con diferentes linguaxes decorativas expresadas en tres módulos ou treitos das mesmas— e torques de varios treitos ou módulos, posto que falar de tercios implicaría desenrols lonxitudinais repartidos homoxéneamente, cando en moitas ocasións cada un dos tercios ou quintos non se corresponden coa terceira ou quinta parte da lonxitude total da peza.

Os métodos empregados no estudo destes dous conxuntos agora presentados constaron de diversas etapas. En primeiro lugar, analizouse a documentación recollida nos expedientes das pezas para, a continuación, estudalas directamente unha por unha. Neste proceso empreguei un calibre para rexistrar diversos parámetros morfométricos, ao tempo que cada unha das producións foi pesada —nos casos que foi posible— nunha balanza de precisión OHAUS, modelo 300 e noutra balanza convencional de pratos nas ocasións precisas e para maior seguridade na contrastación dos resultados definitivos. Simultaneamente, a totalidade das mesmas foron observadas cunha lupa binocular de triple aumento para analizar en detalle a topografía das mesmas.

Os criterios seleccionados prá colleita desta información foron diversos. En primeiro lugar, tentei aproveitar tódolos mecanismos ao meu alcance co fin de tirar a maior cantida-

(2) A. Balseiro (1994): *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. Deputación Provincial, Lugo; B. Comendador (1991): *Los inicios de la metalurgia en la provincia de Pontevedra*. (Tese de licenciatura inédita) e N. Reboredo (1991): *El oro prerromano en la provincia de A Coruña*. (Tese de licenciatura inédita).

de posible de dados. Dos parámetros morfométricos reflexados en cadansúa ficha de inventario, somentes dous precisan dunha certa aclaración: o diámetro mínimo de apertura viable corresponderíase co maior estrangulamento da apertura da peza á hora da súa colocación no pescozo e a anchura mínima dos remates sempre foi tomada en función do seu extremo distal rematado a xeito de disco plano. Éstes foron posteriormente procesados para abordar diversas cuestións como a tecnoloxía de fabricación (PEREA, 1989, 1991, 1995) ou a posible existencia de patróns ponderais de orixe mediterránea (RUÍZ-GÁLVEZ, 1995).

Con elo preténdese encetar un maior número de enfoques e vías analíticas para poder contar cun completo rexistro de datos e manexar *a posteriori* diversas variables que permitan un mellor achegamento á súa interpretación arqueolóxica.

3.— OS CONXUNTOS DO M.A.N.

A comezos dos anos setenta deste século entraron a formar parte das coleccións do Museo Arqueolóxico Nacional (M.A.N.) dous grupos de pezas de notorio interese. O primeiro deles foi rexistrado no expediente 1972/64 e o segundo no 1972/113. Serán pois estes dous grupos de pezas os que analizarei neste artigo.




Lámina I: Conxunto de A Madorra. Nº inscrito no reverso (NIR): 6321/12
 Fotografía de Ángel Martínez Levas
 Servicios fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)

O conxunto 1972/64 (Lámina I) está composto por seis pezas, cinco delas de ouro e unha de prata, e foron adquiridas polo M.A.N. en merca despois do pago de un millón novecentas mil pesetas. As seis pezas poden ser consideradas como torques, pois respontan a morfotipos xa coñecidos para o conxunto da ourivería castrexa. No referente ao seu lugar de procedencia, éste sitúase —seguindo a información facilitada polo expediente— certeiraamente no lugar de A Madorra (Pazo de Pumares, freguesía de San Paio de Arcillá, Cospeito, Lugo) para os cinco torques áureos. No caso do exemplar arxenteo, éste apareceu “en los montes de Sobrado de los Monjes” sen maiores especificacións (expediente 1972/64).

A pesares de non ter aparecido o mentado conxunto no decurso dunha escavación arqueolóxica, e si de xeito accidental, temos constancia da existencia toponímica e física dunha madorra de aproximadamente doce metros de diámetro e un trinta de altura no interior das actuais propiedades do pazo, perto dun cento de metros ao NE da súa fachada. Esta madorra presenta catro conos de violación, tres deles de aspecto recente. Ao leste desta madorra rexístrase, a uns novecentos metros de distancia do pazo, unha necrópole de túmulos, de entre os cales unha mámoa coñecida como a Madorra da Rita, con aproximadamente trinta metros de diámetro e unha altura máxima de tres, tamén presenta por desgracia outro cono de violación. A uns catrocentos metros do pazo e nun posible asentamento castrexo coñecido coma O Castelo, constatouse verbalmente tras dunha conversa cos camponeses da zona a aparición dunhas “ferraduras de ouro” hai xa moitos anos —probablemente perante o século pasado— nese mesmo lugar⁽³⁾.

Tendo en conta o contexto arqueolóxico no cal se ubica o Pazo de Pumares, e desbotando a posibilidade de que estas xoias teñan aparecido en calquera das madorras violadas, é moi probable que sexan vencellables co “Castelo” pois a súa tipoloxía é incuestionablemente castrexa e o lugar de achádego exacto descoñécese, malia que os datos recollidos trala mentada enquisa e a inmediatez do pazo ó castro aponten nesa dirección. Por outra parte, é un feito moi frecuente tamén a adscrición dos tesouros aos *mouros* e aos túmulos na cosmogonía popular galega, aínda que arqueolóxicamente os únicos *mouros* cos que estas producións son vencellables sexan os dos castros e non precisamente os das mámoas. Sexa como for, insistirei novamente no feito de que descoñecemos o seu lugar exacto da procedencia, aínda que o seu vendedor ubicárao na madorra do Pazo de Pumares.

Do conxunto 1972/113 (Lám. II)⁽⁴⁾ non temos ningún dado referente ao seu lugar de procedencia, aínda que si sabemos polo seu expediente de rexistro que foi adquirido polo estado español ao traveso da Dirección General de Bellas Artes e do por aquel entón Ministerio de Educación Nacional en dous millóns cento e unha mil duascenas pesetas. Como dato anecdótico, dicir que o nome do vendedor é o mesmo que aparece nos ficheiros consultados pertencentes ao expediente 1972/64 do M.A.N. Neste lote de pezas documéntase a presenza de seis torques e dúas anelas.

(3) Todas estas información fóronme facilitadas por arqueólogo e amigo Antonio Álvarez Núñez, a quen quero amosar públicamente o meu agradecemento por tan interesantes novas.

(4) Por problemas técnicos alleos á miña vontade, na mentada lámina non aparecen as dúas argolas que tamén forman parte deste conxunto. Nembargantes, éstas poden ser consultadas na lámina XV.




Lámina II: Conxunto de procedencia descoñecida. M.A.N. Expediente 1972/113. Nir: 6321/10
 Fotografía de Ángel Martínez Levas
 Servicios fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)

Ámbolos dous conxuntos proceden do mercado de antigüidades, e cómpre salientar que foron recuperados *in extremis* como moi ben se recolle no seu expediente, onde se rexistra unha curiosa información na que se nos di que “*ya no existen en el mercado más piezas de esta categoría, pues han sido buscadas y solamente se han llegado a encontrar estos dos lotes*”. Unha parte deles permanece hoxe en depósito, e outra exposta nas vitrinas das salas públicas do M.A.N.

4.- INVENTARIO

A continuación, de xeito desglosado e totalmente individualizado apréséntase unha exhaustiva ficha de cada peza na que se recolle toda a información que considere de interese para este estudo.

Ei-lo ficheiro elaborado:

- Identificación: **A Madorra I.**
- Tipoloxía: Torques (Lám. III).
- Número do inventario: 1972/64/1.
- Expediente/Rexistro de entrada: 1972/64.
- Procedencia: A Madorra, Pazo de Pumares, San Paio de Arcillá (Cospeito, Lugo).



*Lámina III: Torques de A Madorra I. NIR: 6325/10
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios fotográficos do Museo Arqueológico Nacional (Madrid)*

- Contexto: Arqueolóxico: Descoñecido.
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 11.75 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 10.55 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 11.6 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 9.2 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 6.05 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 0.8 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.5 cms.
Lonxitude total dos remates: 1.4 cms.
Anchura máxima dos remates: 1.4 cms.
Anchura mínima dos remates: 0.9 cms.
- Peso: 184.03 grs.
- Estado de conservación: Moi bó. A peza consérvase enteira, a pesares de amosar certo desprazamento da ornamentación aplicada no seu treito medial.
- Remates: Ocos e mixtos (cada un deles está formado por un tronco de cono e unha escocia).

– Haste: Macizo, de estrutura ternaria, con máximo engrosamento central e diminución progresiva cara ós extremos.

– Sección do haste: circular.

– Decoración: Articula ornamentalmente o haste en tres rexistros de desenrolo desigual, sendo o do medio aproximadamente equivalente á metade da lonxitude dos laterais e a un quinto da lonxitude total do corpo. Os dous rexistros distais do haste presentan fitas de sección planoconvexa arroladas sobor da alma. O módulo central amosa unha complexa mostra de filigrana con catro bandas de dous fíos de sección planoconvexa aplicados directamente sobor do haste formando tiras de oitos entrelazados en catro rexistros horizontais separados entre si por tres fíos individuais retortos agás no comezo e no remate da serie, onde aparecen senllas parellas de fíos funiculares. Cómpre salientar que non aparece decorada a totalidade deste módulo, pois unha estreita banda —a que probablemente iría en contacto directo co pescozo— é lisa.

– Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde torneado e filigrana aplicada.

– Bibliografía: Inédito.

– Descripción: Torques macizo de ouro con haste de estrutura ternaria e remates mixtos. Apresenta fitas planoconvexas arroladas nos módulos distais e filigrana aplicada formando catro bandas de oitos entrelazados separados por fíos funiculares no rexistro central.

– Observacións: A análise con lupa binocular rexistra a presenza de rubefaccións e microrrestos de materiais semellantes a cinzas de cor grisallenta e branca. Tamén son observables concreccións de materiais con cor pardusca nas áreas de soldaxe dos armios arrolados.

– Identificación: **A Madorra II.**

– Tipoloxía: Torques (Lám IV).

– Número de inventario: 1972/64/2.

– Expediente/Rexistro de entrada: 1972/64.

– Procedencia: A Madorra, Pazo de Pumares, San Paio de Arcillá (Cospeito, Lugo).

– Materia prima: Ouro.

– Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 15 cms.

Diámetro horizontal interior máximo: 13.9 cms.

Diámetro vertical exterior máximo: 12.9 cms.

Diámetro vertical interior mínimo: 9.9 cms.

Diámetro de apertura mínima viable: 6.6 cms.

Diámetro máximo de sección do haste: 0.8 cms.


Diámetro mínimo de sección do haste: 0.6 cms.

Lonxitude total dos remates: 2.2 cms.

Anchura máxima dos remates: 2–1.8 cms.

Anchura mínima dos remates: 0.83 cms.

- Peso: 219 grs.
- Estado de conservación: Moi bó. Aмосa lenes alteracións, semellantes ás da peza anterior.
- Remates: Ocos, e mixtos.
- Haste: Macizo, articulado ornamentalmente nunha estrutura ternaria, con engrosamento na parte medial e estreitamento progresivo cara ós extremos.
- Sección do haste: Circular.
- Decoración: Exactamente idéntica en técnicas, motivos e disposición á peza anterior.
- Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde torneado e filigrana aplicada.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Torques macizo de ouro con estrutura ternaria do haste e remates mixtos. Apresenta aramios arrolados nos módulos distais e filigrana aplicada formando bandas de oitos entrelazados separados por fios funiculares no treito central.
- Observacións: A análise coa lupa binocular amosa a presenza de microlaminiñas áureas entre cada unha das voltas dos aramios arrolados nos módulos distais. Asimesmo, constátase a existencia de microrrestos de estrutura cristalíña e cor verde brillante. Tamén se observa a presenza doutros microrrestos de aspecto cerúleo e cor grisallenta na zona de aplicación da filigrana no treito central.



*Lámina IV: Torques de A Madorra II. NIR: 6325/9
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios fotográficos do Museo Arqueológico Nacional (Madrid)*

- Identificación: **A Madorra III.**
- Tipoloxía: Torques (Lám. V).
- Número de inventario: 1972/64/3.
- Expediente/Rexistro de entrada: 1972/64.
- Procedencia: A Madorra, Pazo de Pumares, San Paio de Arcillá (Cospeito, Lugo).
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 13.5 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 12.1 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 12.3 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 9.4 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 4.5 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 0.9 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.6 cms.
Lonxitude total dos remates: 1.8–2 cms.
Anchura máxima dos remates: 1.8 cms.
Anchura mínima dos remates: 0.8 cms.



*Lámina V: Torques de A Madorra III. NIR: 6325/11
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)*


- Peso: 177.45 grs.
- Estado de conservación: Moi bó. Lenas alteracións, semellantes ás dos casos xa descritos.
- Remates: Ocos e mixtos.
- Haste: Macizo, articulado ornamentalmente nunha estrutura ternaria, con engrosamento central e diminución progresiva cara os extremos.
- Sección do haste: Circular.
- Decoración: Exactamente idéntica en técnicas, motivos e disposición ás dúas pezas anteriores.
- Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde torneado e filigrana aplicada.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Torques macizo de ouro con estrutura ternaria e remates mixtos. Apresenta aramios arrolados nos treitos distais e filigrana aplicada formando bandas de oitos entrelazados separados por fios funiculares no módulo central.
- Observacións: A análise con lupa binocular amosa a presenza de áreas rubefactadas e carbonacións, así coma microrrestos de aspecto cincento con cor grisácea e branca entre os aramios arrolados dos treitos distais. Fenómenos semellantes pódense documentar na área da filigrana aplicada, no módulo central.

- Identificación: **A Madorra IV.**
- Tipoloxía: Torques (Lám. VI).
- Número de Inventario: 1972/64/4.
- Expediente/Rexistro de entrada: 1972/64.
- Procedencia: A Madorra, Pazo de Pumares, San Paio de Arcillá (Cospeito, Lugo).
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 12 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 11 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 12 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 9.5 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 5.3 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 0.7 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.2 cms.
Anchura máxima de cada un dos lados do haste: 0.5 cms.
Anchura mínima de cada un dos lados do haste : 0.2 cms.
Lonxitude total dos remates: 1.5 cms.
Anchura máxima dos remates: 1.6 cms.
Anchura mínima dos remates: 0.9 cms.
- Peso: 145.35 grs.
- Estado de conservación: Excelente.



*Lámina VI: Torques de A Madorra IV. NIR: 6325/12
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)*

- Remates: Ocos e mixtos.
 - Haste: Macizo, articulado ornamentalmente nun desenrolo ternario, con máximo engrosamento no treito central e mínimo nos extremos distais.
 - Sección do haste: Cadrangular/romboidal.
 - Decoración: Nos tres quintos centrais presenta circuliños estampados nas dúas caras externas do haste. Os motivos dispóñense de xeito radial nos quintos intermedios i en forma de serra no quinto central.
 - Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde torneado i estampado.
 - Bibliografía: Inédito.
 - Descripción: Torques áureo con haste estruturado ornamentalmente nun corpo ternario e remates mixtos. Os tres quintos centrais amosan decoración de circuliños estampados.
 - Observacións: Coa lupa binocular obsérvanse restos de prata empregada como soldante, así como certas áreas rubefactadas.
- Identificación: **A Madorra V.**
 - Tipoloxía: Torques (Lám. VII).
 - Número de inventario: 1972/64/5.
 - Expediente/Rexistro de entrada: 1972/64.
 - Procedencia: A Madorra, Pazo de Pumares, San Paio de Arcillá (Cospeito, Lugo).



*Lámina VII: Torques de A Madorra V: NIR: 6325/8
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueológico Nacional (Madrid)*

- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 15.3 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 14 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 14.75 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 13.82 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 0.4 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 1.4 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.3 cms.
Lonxitude máxima dos oitos expandidos: 3.44 cms.
Lonxitude mínima dos oitos expandidos: 3.15 cms.
Lonxitude total dos remates: 1.47 cms.
Anchura máxima dos remates: 0.5 cms.
Anchura mínima dos remates: 0.4 cms.
- Peso: 228.5 grs.
- Estado de conservación: A peza atópase completa, mais dobrada no seu desenrolo, de xeito que non apoia con normalidade sobor dun plano horizontal.
- Remates: Virados cara fóra, a xeito de cilindros estreitados perto da súa base e dotados de cono distal.

– Haste: Macizo, formado por retorcimento de dous fíos de diferente grosor; o maior con 0.3 cms. de anchura e o menor de 0.06 cms. A articulación deste colar é complexa, podendo ser diferente segundo as variables analizadas. Así, se atendemos aos oitos expandidos, o corpo da peza estruturaríase en catro treitos desiguais separados polos mentados marcadores; pola contra, sobor da base do linguaxe ornamental estaríamos ante un exemplar de tipo ternario, con torsionamento central e alma espida nos treitos distais; finalmente, mixturando ámbolos dous criterios anteriores teríamos unha peza de seis módulos de semellante desenrolo (os catro interiores funiculares e separados polos oitos, e os dous exteriores con alma núa i extremos virados).

– Sección do haste: Funicular. O fío maior ten sección planoconvexa.

– Decoración: Amáis do efecto plástico acadado polo torsionamento do fío maior acompañado polo bocel aplicado a éste, nos extremos do haste, perto dos remates, amósanse tres parellas de incisións que circundan o corpo realizadas cun instrumento de punta roma separando series de tres puntos incisos dispostos en sentido radial a partires do hipotético centro descrito pola circunferencia da peza. A observación con lupa binocular amosa as improntas deixadas por alomenos tres cinceis con pontas diferentes: piramidal, hemiesférica e circular plana.

– Técnicas: Fundido, soldaxe, torneado, incisión i estampado.

– Bibliografía: Inédito.

– Descripción: Torques áureo con haste formado por dous aramios de seccións desiguais torsionados helicoidalmente e formando oitos expandidos cos extremos voltos cara fóra. Aмосa decoración incisa e estampada con motivos xeométricos sinxelos. Probablemente resoste a unha *interpretatio* indíxena de modelos celtíberos.

– Observacións: A análise con lupa binocular amosa a presenza de microrrestos amorfos a xeito de cinza grisallenta e soldante arxénteo.

– Identificación: **Sobrado dos Monxes.**

– Tipoloxía: Torques (Lám. VIII).

– Número de inventario: 1972/64/6.

– Expediente/Rexistro de entrada: 1972/64.

– Procedencia: Atopado nos montes de Sobrado.

– Materia prima: Prata.

– Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 15.4 cms.

Diámetro horizontal interior máximo: 13.9 cms.

Diámetro vertical exterior máximo: 14.3 cms.


Diámetro vertical interior mínimo: 10.9 cms.

Diámetro de apertura mínima viable: 7.48 cms.

Diámetro máximo de sección do haste: 0.9 cms.

Diámetro mínimo de sección do haste: 0.4 cms.

Anchura máxima de cada un dos lados do haste: 0.64 cms.



*Lámina VIII: Torques de Sobrado dos Morxes. NIR: 6325/7
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueológico Nacional (Madrid)*

Anchura mínima de cada un dos lados do haste: 0.4 cms.

Lonxitude total dos remates: 24.5 cms.

Anchura máxima dos remates: 2.3 cms.

Anchura mínima dos remates: 0.97 cms.


- Peso: 220 grs.
- Estado de conservación: A peza consérvase enteira, mais amosa unha deformidade ao non apoiar correctamente sobor dun plano horizontal.
- Remates: Ocos e mixtos.
- Haste: Macizo e liso, con engrosamento central e estreitamento progresivo cara ós extremos.
- Sección do haste: Cadrangular/romboidal.
- Decoración: Ausente.
- Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde e torneado.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Torques arxénteo con haste de sección cadrangular/romboidal e remates mixtos.
- Observacións: A análise con lupa binocular amosa a presenza dunha sustancia a xeito de cinza grisallenta e parda, así coma carbonacións.

- Identificación: MAN 1972/113/1.
- Tipoloxía: Torques (Lám. IX).
- Número de inventario: 1972/113/1.
- Expediente/Rexistro de entrada: 1972/113.
- Procedencia: Descoñecida.
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 15.1 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 13.5 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 14.1 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 12 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 6.1 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 0.8 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.6 cms.
Lonxitude total dos remates: 2.8 cms.
Anchura máxima dos remates: 2 cms.
Anchura mínima dos remates: 1.3 cms.
- Peso: 371.5 grs.
- Estado de conservación: Excelente.



*Lámina IX: Torques MAN 1972/113/1. NIR: 6325/15
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueológico Nacional (Madrid)*

- Remates: Ocos en “dupla escocia” con disco laminar proximal e distal.
 - Haste: Macizo, estruturado ornamentalmente en tres treitos de desenrolo desigual e con fitas arroladas nos módulos distais, separados éstos do medial por senllas parellas de roleos espiraliformes sen glóbulo central.
 - Sección do haste: Circular.
 - Decoración: Catro parellas de roleos aplicados —dúas en cada extremo do módulo central— sen presentar o típico globulado no centro dos mesmos. A área que fica entre os roleos non amosa ornamentación. *Arrolamento de fitas nos treitos distais.*
 - Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde torneado e filigrana aplicada.
 - Bibliografía: Inédito.
 - Descripción: Torques macizo de ouro con haste de estrutura ternaria e sección circular. Amosa fitas arroladas nos treitos distais e duplas parellas de roleos aplicados nas separacións dos módulos. Os remates son a xeito de “dupla escocia”.
 - Observacións: A análise con lupa binocular amosa a presenza de pátinas carbonadas e rubefaccións.
- Identificación: **MAN 1972/113/2.**
 - Tipoloxía: Torques/Bracelete (Lám. X).
 - Número de inventario: 1972/ 113/ 2.
 - Expediente/Rexistro de entrada: 1972/113.
 - Procedencia: Descoñecida.
 - Materia prima: Ouro.
 - Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 8.5 cms.
 Diámetro horizontal interior máximo: 7.55 cms.
 Diámetro vertical exterior máximo: 9.4 cms.
 Diámetro vertical interior mínimo: 7.9 cms.
 Diámetro de apertura mínima viable: 1.5 cms.
 Diámetro máximo de sección do haste: 0.55 cms.
 Diámetro mínimo de sección do haste: 0.25 cms.
 Lonxitude total dos remates: 1.7–1.8 cms.
 Anchura máxima dos remates: 0.4 cms.
 Anchura mínima dos remates: 0.3 cms.
 - Peso: 69.46 grs.
 - Estado de conservación: Excelente.
 - Remates: De ganchos voltos cara ó exterior, con estrutura cilíndrica estreitada na parte medial e semiesfera distal xustaposta.
 - Haste: Macizo, de estrutura ternaria.
 - Sección do haste: Cadrangular/romboidal no treito central e circular nos módulos distais.



*Lámina X: Torques MAN 1972/113/2. NIR: 6325/18
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueológico Nacional (Madrid)*

– Decoración: O haste presenta un total de dez incisións no sentido radial da peza, agrupadas en senllos conxuntos de cinco unidades formados por un trío e unha parella de circunvolucións simples sobor da alma que marcan a separación do corpo da peza en módulos de desigual desenrolo.

– Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde e incisión.

– Bibliografía: Inédito.

– Descripción: Torques áureo con haste modulado en tres treitos pola ornamentación incisa e remates a xeito de ganchos virados cara fóra.

– Observacións: Coa lupa binocular obsérvase a presenza de áreas rubefactadas e microrrestos a xeito de cera e sales cristalíñas.

– Identificación: **1972/113/3.**


– Tipoloxía: Torques (Lám. XI).

– Número de inventario: 1972/113/3.

– Expediente/Rexistro de entrada: 1972/113.


– Procedencia: Descoñecida.

- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 14.6 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 13.3 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 14.3 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 10.8 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 4.7 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 0.7 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.4 cms.
Anchura máxima de cada un dos lados do haste: 0.5 cms.
Anchura mínima de cada un dos lados do haste: 0.4 cms.
Lonxitude total dos remates: 2.4–2.5 cms.
Anchura máxima dos remates: 1.9 cms.
Anchura mínima dos remates: 1.5 cms.
- Peso: 257 grs.
- Estado de conservación: Excelente.
- Remates: En “dupla escocia”.
- Haste: Macizo, estruturado en cinco treitos pola súa decoración, con engrosamento central e estreitamento progresivo cara ós extremos.




*Lámina XI: Torques MAN 1972/113/3. NIR: 6325/13
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)*

- Sección do haste: Cadrangular/Romboidal.
- Decoración: Nos tres módulos centrais da peza amósanse, nos catro planos do haste, series de circuliños estampados formando tríos en sentido radial nos treitos segundo e cuarto, cos mesmos motivos novamente estampados no módulo central, neste caso dispostos por tríos a xeito de serra.
- Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde torneado i estampado.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Torques áureo con haste de sección cadrangular/romboidal e remates en “dupla escocia”. Nos tres módulos centrais amosa decoración estampada.
- Observacións: Carbonacións, rubefaccións e microrrestos de aspecto cerúleo.
- Identificación: **MAN 1972/113/4.**
- Tipoloxía: Torques/Bracelete (Lám. XII).
- Número de inventario: 1972/113/4.
- Expediente/Rexistro de entrada: 1972/113.
- Procedencia: Descoñecida.
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 9.7 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 8.6 cms.



*Lámina XII: Torques MAN 1972/113/4. NIR: 6325/17
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)*

- Diámetro vertical exterior máximo: 8.6 cms.
- Diámetro vertical interior mínimo: 6.1 cms.
- Diámetro de apertura mínima viable: 4.1 cms.
- Diámetro máximo de sección do haste: 0.9 cms.
- Diámetro mínimo de sección do haste: 0.6 cms.
- Lonxitude total dos remates: 1.85 cms.
- Anchura máxima dos remates: 1.7 cms.
- Anchura mínima dos remates: 0.7 cms.
- Peso: 148.39 grs.
- Estado de conservación: Excelente.
- Remates: Ocos e mixtos.
- Haste: Macizo, unitario e liso, con engrosamento central e estreitamento progresivo cara ós extremos.
- Sección do haste: Circular.
- Decoración: Ausente.
- Técnicas: Fundido, soldaxe, vaciado en molde e torneado.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Torques áureo con haste unitario de sección circular e remates mixtos.
- Observacións: A análise con lupa binocular confirma a presenza de áreas rube-factadas e carbonadas, así coma soldante arxénteo.
- Identificación: **1972/113/5.**
- Tipoloxía: Torques (Lám. XIII).
- Número de inventario: 1972/113/5.
- Expediente/Rexistro de entrada: 1972/113.
- Procedencia: Descoñecida.
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 15.6 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 13.7 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 13.9 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 10.2 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 6.8 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 1 cm.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.9 cms.
Anchura máxima de cada un dos lados do haste: 0.8 cms.
Anchura mínima de cada un dos lados do haste: 0.7 cms.



*Lámina XIII: Torques MAN 1972/113/5. NIR: 6325/14
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)*


Lonxitude total dos remates: 2.4–2.6 cms.

Anchura máxima dos remates: 2.5–2.6 cms.

Anchura mínima dos remates: 1.4 cms.


- Peso: 474 grs.
- Estado de conservación: Moi bó. Nembargantes, amosa alteracións na cor orixinal da peza.
- Remates: Bitroncocónicos, con disco proximal e distal netamente definidos.
- Haste: Macizo, unitario e liso.
- Sección do haste: Cadrangular/romboidal.
- Decoración: Ausente.
- Técnicas: Fundido, soldaxe, martelado, vaciado en molde e torneado.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Torques áureo con haste de sección cadrangular/romboidal e remates duplotroncocónicos.
- Observacións: A análise coa lupa binocular constata a presenza de zonas rube-factadas, así coma de microrrestos de cor negra a xeito de costras. Obsérvanse as improntas do martelado nos extremos distais dos remates. Asimesmo, amósanse microrrestos de sustancias con aspecto de costras grisallentas e brancas. Tamén se poden ver microrrestos de aspecto cerulento e cincento.

- Identificación: **MAN 1972/113/6.**
- Tipoloxía: Torques (Lám. XIV).
- Número de inventario: 1972/113/6.
- Expediente/rexistro de entrada: 1972/113.
- Procedencia: Descoñecida.
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 13.4 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 12.1 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 11.1 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 7.4 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: 6.2 cms.
Diámetro máximo de sección do haste: 0.8 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.4 cms.
Anchura máxima de cada un dos lados do haste: 0.6 cms.
Anchura mínima de cada un dos lados do haste: 0.4 cms.
Lonxitude total dos remates: 3.3 cms.
Anchura máxima dos remates: 2.5 cms.
Anchura mínima dos remates: 1-1.2 cms.
- Peso: 257.72 grs.



*Lámina XIV: Torques MAN 1972/113/6. NIR: 6325/16
Fotografía de Ángel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid)*

- Estado de conservación: Excelente.
- Remates: Macizos e piriformes truncados no seu extremo distal.
- Haste: Macizo e unitario, con engrosamento central e estreitamento progresivo cara ós extremos.
- Sección do haste: Cadrangular/romboidal.
- Decoración: Ausente.
- Técnicas: Fundido, soldaxe, martelado, vaciado en molde dos remates e torneado.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Torques áureo con haste de sección cadrangular/romboidal e remates piriformes truncados.
- Observacións: A análise con lupa binocular constata a presenza de múltiples pegadas de uso, así coma zonas rubefactadas e improntas de martelado no haste e remates.
- Identificación: **MAN 1972/113/7.**
- Tipoloxía: Aro aberto (Lám. XV).
- Número de inventario: 1972/113/7.
- Expediente/rexistro de entrada: 1972/113.
- Procedencia: Descoñecida.
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 3.2 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 2.35 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 3.3 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 2,2 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: Existe, mais é inapreciable ó tentar medilo.
Diámetro máximo de sección do haste: 0.6 cms.
Diámetro mínimo de sección do haste: 0.5 cms.
- Peso: 31.75 grs. (Calculado a partires da división en dous do peso total das dúas pezas trabadas).
- Estado de conservación: A peza atópase completa, mais o haste foi deformado de xeito que non apoia completamente sobor dun plano horizontal. Os extremos do aro superpóñense verticalmente. Hai que facer constar o feito de que os dous aros deste conxunto atópanse actualmente trabados a xeito de eslabóns.
- Haste: Macizo.
- Sección do haste: Rectangular.
- Decoración: Estampado de dúas ringleiras de dentes de lobo cos seus vértices contrapostos cara ó interior por ámbolos dous lados do aro nos seus extremos distais. En cada extremo presenta dúas series de catorce e quince trianguliños, tanto no anverso coma no reverso da peza.



*Lámina XV: Argolas trabadas MAN 1972/113/7. e 1972/113/8. NIR: 6325/19
Fotografía de Angel Martínez Levas
Servicios Fotográficos do Museo Arqueológico Nacional (Madrid)*

- Técnicas: Fundido, martelado i estampado.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Aro aberto de ouro de sección rectangular. Presenta decoración estampada de triángulos opostos polos seus vértices formando dúas ringleiras a cada lado dos extremos terminais da peza e por ambos planos da mesma.
- Observacións: Microrrestos de aspecto cerúleo e cor grisallenta. Presenza de áreas rubefactadas e carbonadas.

- Identificación: **MAN 1972/113/8.**
- Tipoloxía: Aro aberto (Lám XV)
- Número de Inventario: 1972/113/8.
- Expediente/rexistro de entrada: 1972/113.
- Procedencia: Descoñecida.
- Materia prima: Ouro.
- Dimensións: Diámetro horizontal exterior máximo: 3.2 cms.
Diámetro horizontal interior máximo: 2.3 cms.
Diámetro vertical exterior máximo: 3.2 cms.
Diámetro vertical interior mínimo: 2.2 cms.
Diámetro de apertura mínima viable: Existente, mais inapreciable ó tentar medilo.

Diámetro máximo de sección do haste: 0.5 cms.

Diámetro mínimo de sección do haste: 0.5 cms.

- Peso: 31.75 grs.
- Estado de conservación: Excelente.
- Haste: Macizo.
- Sección do haste: Circular.
- Decoración: Estampado de dentes de lobo en dúas ringleiras cos seus vértices contrapostos por ámbolos dous lados da peza. En cada extremo presenta dúas series de once e nove dentes por ámbolos dous lados.
- Técnicas: Fundido, martelado i estampado.
- Bibliografía: Inédito.
- Descripción: Aro aberto de ouro de sección paracircular. Aмосa decoración estampada de triángulos opostos polos seus vértices formando unha dupla ringleira nos extremos distais da peza.
- Observacións: Microrrestos de aspecto cerúleo e cor grisallenta. Presenza de áreas rubefactadas e carbonadas.

5.– ANÁLISE E PARALELOS

Ca finalidade de non facer excesivamente plúmbea a lectura deste apartado, obvia-rei facer comentarios reiterativos sobor das obras que me serviron para procurar os paralelos das pezas destes dous conxuntos. Menciónanse principalmente aquelas de especial relevancia e todas elas aparecen nembargantes reflexadas na bibliografía final.

Os torques 1972/64/1, 1972/64/2 e 1972/64/3 pertencen ao grupo asturiano de Cuevillas (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951), ao asturnorcaleico, norteño ou albión de Monteagudo (MONTEAGUDO, 1952) e ao morfotipo E1c de Castro (CASTRO, 1990). Caracterízanse polo haste de sección circular i estrutura ornamental ternaria, con aramos arrolados nos módulos distais, decoración con filigrana aplicada no treito central e remates en “dupla escocia”, aínda que sería máis axeitado falar de remates mixtos. Os seus paralelos formais máis inmediatos atopámoslos nos exemplares de Cú do Castro (Punta de Marzán, Foz, Lugo), Coto da Recadieira (Mondoñedo, Lugo), Coaña (Navia, Asturias), Burela (Lugo) e Langreo (Asturias). Monteagudo sinala as semellanzas destes exemplares cos de Cangas de Onís I, II e III (Asturias) e Lanhoso I, II e III (Braga, Portugal), aínda que non os inclúe no seu mapa de distribución pola súa ubicación excesivamente periférica así como polo feito de presentar uns motivos decorativos e técnicas estranos ao grupo nos primeiros e polo remate acampanulado dos segundos. B. Pérez inclúe os colares lusitanos no seu grupo 2.

Os exemplares 1972/64/4 e 1972/113/3 presentan unha innegable unidade, agás en dous aspectos, no tipo de remates e na distribución da decoración. Os remates son mixtos —tronco de cono i escocia— no primeiro e en “dupla escocia” ou nocela no segundo. A decoración estampada ou troquelada nos quintos centrais aparece nos dous planos exteriores do haste no primeiro caso e nos catro no caso do segundo. Caracterízanse polo seu haste de sección cadrangular/romboidal con esquiñas aristadas e pola presenza de orna-

mentación estampada nos tres quintos centrais, os exteriores con circuliños dispostos radialmente e o central a xeito de serra. Nestes dous casos poderíamos estar perante a existencia dun novo morfotipo especificamente diferenciado dos xa recoñecidos até hoxe.

O exemplar 1972/64/5 presenta unha morfoloxía de orixe moi probablemente celtíbera, con haste de tipo funicular formado polo torsionamento helicoidal de alomenos dous aramios de diferente diámetro e decorado con tres oitos expandidos, rematando en ganchos virados cara ó exterior. Corresponderíase así co tipo IV de Delibes i Esparza (*vid. infra*). Aínda que na súa materia prima base —o ouro— difire totalmente dos seus paralelos máis inmediatos, precisamente por este feito poderíamos estar perante unha *interpretatio* local dos ourives castrexos. No ámeto da cultura homónima atopamos o coñecido exemplar de Mondoñedo, exactamente idéntico até nos máis mínimos detalles ao aquí estudado mais en prata, e considerado como unha importación celtíbera por diversos autores (DELIBES & ESPARZA, 1989: 110; VÁZQUEZ VARELA, 1993: 219). Paralelos formais alén do caso mindoniense atópanse en sete exemplares arxénteos da área castrexa portuguesa, os catro do Mosteiro de Rodilla, un de Palencia, un de Menjíbar e alomenos outro actualmente conservado no M.A.N.

No caso do torques 1972/64/6, con este exemplar o cómputo total de colares ríxidos arxénteos na cultura castrexa acada os nove exemplares: sete portugueses, un mindoniense e o que agora damos a coñecer. A súa feitura xeral non ten paralelos morfolóxicos en prata coñecidos. Se o analizamos parcialmente comparándoo con outras pezas áureas constatamos o seguinte.

Polos seus remates en “dupla escocia” ou máis ben mixtos, pode ser comparado con outros, o mesmo que polo seu haste unitario, macizo e de sección cadrangular/romboidal. Terminacións homólogas aparecen na maioría dos exemplares da escola asturnorcalaica (Cú do Castro, Burela, Coto da Recadieira, Langreo, A Madorra I, II e III), no grupo tres dos casos lusitanos estudados por L. Castro (Codeçais, Lebução I e II, Paradela do Río I e II, Veiga de Chaves (?) I e II, Vilas Boas e Estela) e noutros dispersos (Melide, San Lorenzo de Pastor I, Astorga, Cangas de Onís I, provincia de Lugo, Ribadeo, MAN 1972/113/1, 3 e 4, etc.). Sexa como for, é precisa unha revisión específica dos morfotipos duploescócicos, pois baixo este inadecuado parámetro —como xa dixen antes— foron agrupados moi diferentes exemplares nos que poden recoñecerse subtipos que se cadra agachan algunha información hoxe por hoxe non estudada. No tocante ó haste, pola súa sección torques semellantes ó aquí presentado serían os de Melide, Recadieira, Foxados, Fisteus, Cangas de Onís, Ortigueira, provincia de Lugo, Ribadeo, A Madorra IV, MAN 1972/113/3, 5 e 6, Paradela do Río III, Lebução III, Santa María de Rendar (O Incio, Lugo) e os grupos lusitanos 1 (Gondeiro I e II e Vale da Malhada) e 3 (Codeçais, Lebução I e II, Paradela do Río I e II, Veiga de Chaves? I e II, Vilas Boas i Estela) de B. Pérez.

O exemplar 1972/113/1 pode considerarse como unha clara manifestación das produccions da chamada por Cuevillas Escola do Norte de Galicia, do grupo Ártabro ou noroccidental de Monteagudo ou do morfotipo B1c de Pérez. A mellor definición e caracterización destas pezas foi feita polo segundo dos mentados autores, quen adscribiu a este obradoiro todas aquelas mostras que apresentaran “un tercio central liso flanqueado por dos simples o dobles y contrapuestas espirales de hilo soldadas [roleos], dos tercios extre-

mos con alambre enrollado y remates en perilla” (MONTEAGUDO, 1952: 292). É por iso paralelizable cos colares de San Martiño do Porto (Cabanas, Pontedeume, A Coruña), Viladonga I e II (Castro de Rei, Lugo), Cruceiro da Cruña (Santiago de Compostela, A Coruña), Foxados I, II e III (Curtis, A Coruña), Flores (Ois, Coirós, A Coruña), Centroña (Pontedeume, A Coruña), Viveiro (Lugo), Culleredo (A Coruña), Croa de Riotorto (Mondoñedo, Lugo), San Lourenzo do Pastor (O Pino, A Coruña), Valadouro II (Mondoñedo, Lugo) e Orbellido (Santoño de Baíñas, Vimianzo, A Coruña).

O torques/bracelete 1972/113/2 lembra as produccions celtibéricas de remates virados cara ó exterior a xeito de ganchos, aínda que, a diferenza destes, non presenta un haste funicular. A peculiar morfoloxía dos seus remates é nidamente vencellable con diversos torques de ganchos virados cara fóra: Mondoñedo (Lugo), Monasterio de Rodilla I, II, III e IV, A Madorra V e outro conservado no M.A.N. Polas súas reducidas dimensións ben poidera tratarse dun bracelete ou dun torques feminino, tal e como foron consideradas por mor de idéntica conxuntura outras pezas castrexas (citado en LÓPEZ, 1985:42). A pesares da súa sorprendentemente reducida apertura (1.5 cms.) non é esta unha peza excesivamente rixida e podería facilitarse a colocación da mesma no pescozo dunha muller cunha simple e precisa manobra de axuste, como fisicamente demostrou B. Armbruster⁽⁵⁾.

O caso da peza 1972/113/4 garda estreitos paralelos coa problemática funcional da peza anterior. Así, aínda que morfotopolóxicamente é moi diferente a aquél, é posible que tivese un uso semellante. Os seus paralelos formais máis evidentes atópanse en exemplares como o aparecido nas inmediacións de Astorga (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951, Fig. 20 e ÁLVAREZ-OSSORIO, 1954, Lám. V).

O exemplar número 1972/113/5 garda moi estreitos paralelos formais co exemplar procedente do Coto da Recadieira (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951, Fig. 4), tanto no tipo de remates coma no haste. Por outra banda, estes dous exemplares amosan un elevado peso, sensiblemente por riba de moitas doutras pezas. No tocante ao seu haste, paralelízase co 1972/64/6 e os seus semellantes (vid supra), a pesares de non presentar aristas biseladas separando os catro planos que o conforman.

O último torques aquí estudado, correspondente ao número de inventario 1972/113/6, presenta nidias semellanzas cun torques áureo dado a coñecer hai xa moitos anos (BOUZA BREY, 1965, fig. 1) e probablemente procedente do Valadouro (Mondoñedo, Lugo). Ámbolos dous carecen de ornamentación e teñen remates piriformes truncados así coma haste unitario de sección cadrangular/romboidal. Enormemente sorprendente é a estreita proximidade dos seus pesos: no caso aquí exposto trátase dunha peza de 257.72 grs. e no referido por Bouza de 259 grs. Este autor adscríbeos a un morfotipo *nordorientalgalaico*, ao cal pertencerían tamén os exemplares aparecidos en San Vicente de Curtis, Melide e Portochao, dando lugar a unha nova escola ou obradoiro de produción no ámeto castrexo.

Finalmente, para os aros abertos engarzados e con decoración troquelada (1972/113/7 e 8) descoñezo todo tipo de semellanzas formais no ámeto castrexo. No seu expediente refléxase a opinión de F. Bouza quen os considerou coma obxectos para recoller os cabelos femininos.

(5) Comunicación personal de M. Ruíz-Gálvez, a quen agradezo novamente a súa amabilidade.

6.- ALGUNHAS CUESTIÓNS SALIENTABLES

Agás nalgúns casos isolados, as pezas procedentes do grupo 1972/113 amosan estreitos paralelos formais con achádegos de circunscrición septentrional, dotando de unidade —que non homoxeneidade— ao conxunto. Malia o descoñecemento do seu lugar ou lugares exactos de aparición —caso de ser unha mistura de achádegos dispersos— semella posible a súa adscripción ao convento lucense, aínda que esta hipótese debe ser tida como algo totalmente provisorio polo de agora.

Do estudo tecnolóxico destes torques, conséntase a existencia das técnicas de vaciado en moldes á cera perdida do haste, así coma o torneado dos remates, que logo serían soldados ao corpo principal para dar lugar ó produto final, de xeito semellante ao observado recentemente para pezas homólogas da área astur (PEREA, 1995).

No referente a cuestións ponderais, efectuados os cálculos aritméticos pertinentes a partir dos seus pesos, a totalidade das pezas de ámbolos dous conxuntos respontan a patróns metrolóxicas de orixe mediterránea. Tomando como base a unidade ponderal correspondente ao shekel fenicio en sistema lixeiro, a cal oscila entre os 7.27 e 7.30 grs. (HILDEBRANT, 1993) decidín procurar relacións das pezas aquí estudadas con este patrón. Así, a metade desta unidade sería 3.65 grs., o cal correspóndese coa media documentada para os catro conxuntos de denarios de Padilla I e II, Palencia II e Salamanca




Gráfico 1

(GALÁN & RUÍZnGÁLVEZ, no prelo). Se a multiplicamos por dez temos coma resultado 36.5 grs. —cinco veces o shekel fenicio en sistema lixeiro e décima parte do peso medio dos lingotes de prata aparecidos en Calvos de Randín, Alvareiros e Santa Tegra (PÉREZ OUTEIRIÑO, 1992)— parámetro empregado aquí para efectuar diversos cálculos estadísticos.

Se observamos o gráfico 1, poderemos constatar diversos comportamentos salientables. Nesta representación, no eixo vertical amósanse concatenadamente múltiplos do mentado 36.5, unidade de base a partires da cal se efectuaron os cálculos. No eixo horizontal, pola contra, aparecen recollidas de xeito ordenado as pezas deste estudo. Obsérvase unha clara relación entre os pesos das pezas e os múltiplos resultantes do sistema ponderal lixeiro de ámeto fenicio.

Por outra banda, no gráfico 2 amósanse idénticos resultados nun eixo vertical que reflexa diversos múltiplos da unidade base de cálculo aquí empregada (36.5 grs.) e nun eixo horizontal que recolle os pesos das pezas aquí analizadas. Novamente apréciase unha correspondencia entre éstos e o sistema ponderal fenicio.




Gráfico 2

Nun traballo recente Ruíz-Gálvez demostrou a perfecta aplicabilidade deste sistema ponderal ás mostras de bisutería arxétea meseteñas e a moitos outros torques castrexos (RUÍZ-GÁLVEZ, 1995). Sexa como for, cómpre salientar dous feitos a considerar: primeiramente, a parquedade cuantitativa da nosa mostra non permite afinar máis contundentemente nas conclusións derivadas dos cálculos, a pesares de contar con outras análises xa feitas (vid. supra); por outra parte, namentras non se efectúen semellantes operacións cun espectro máis amplo tanto cualitativa coma cuantitativamente de mostras —traballo que actualmente estou a elaborar— estes resultados han de ser considerados coma simples chamadas de atención, en agarda de futuras conclusións de maior solidez. Nembargantes, o antedito non desvirtúa en absoluto polo de agora as operacións estatísticas xa realizadas.

Polo que atinxe á cronoloxía dos torques castrexos, a polémica entre os autores hai tempo que se converteu nun diálogo de xordos. Por poñer tan só un par de exemplos ilustrativos, namentras algúns coidan que a súa orixe hai que procurala con total seguridade en exemplares dos séculos VI–V a.C. coma os do Val da Malhada, con configuración dos tipos máis característicos contra o s. IV a.C. (CASTRO, 1990: 151), para outros autores, falar dunha cronoloxía prerromana prá ourivería castrexa é algo pouco menos que arriscado (PEÑA, 1992: 384). Os argumentos esgrimidos deron lugar a verdadeiros ríos de tinta, mais o problema aínda fica por resolver, e precisa dunha nova análise que contemple o estudo da totalidade dos datos dispoñibles, aínda que persoalmente intúo que é algo excesivamente frecuente a datación “á baixa” das producións de ourivesaría castrexas, tal e coma foi recentemente suxerido prós ouros de periodos anteriores (ALMEIDA, BÓVEDA & VILASECO, 1995). De tódolos xeitos, non esquezamos que a ourivería castrexa resposta en grande medida a unha forte tradición do Bronce Final Atlántico (BLANCO FREIJEIRO, 1957; MONTERO & ROVIRA, 1991; PEREA & SÁNCHEZ-PALENCIA, 1995 e PEREA, 1995) a pesares de que moitas das súas manifestacións na plástica escultórica sexan da época galaicorromana (CALO, 1994). Aínda hai agro dabondo para sementar novas ideas.

7.– CONCLUSIÓN E PERSPECTIVAS DE FUTURO

Con este artigo déronse a coñecer dous conxuntos de pezas anteriormente inéditos, de xeito que con esta ducia de novos exemplares, queda fornecido o rexistro das producións vencelladas con diversas escolas indíxenas xa coñecidas anteriormente, así coma imitacións locais de pezas alóctonas e constatación de novos morfotipos que probablemente poidan ser adscritos nun futuro a novos obradoiros.

Así, atopamos nestes conxuntos manufacturas dos tipos ártabro (1972/113/1), albión (A Madorra I, II e III) e nordorientalgalaico (1972/113/6), así coma reinterpretacións indíxenas de pezas de orixe moi posiblemente celtíbera (A Madorra V). Tamén contamos con exemplares soltos que, unha vez sistematizado o estudo conxunto da totalidade dos torques castrexos, poderían dar lugar a novas escolas (A Madorra IV e 1972/113/3 conformarían unha, e 1972/113/2 e 1972/113/4 outras dúas diferentes, aínda que nestes dous últimos casos ben poderíamos estar perante dous braceletes). Pezas excepcionais pola súa aparente falta de paralelos contundentes serían os exemplares xa mentados de A Madorra IV e 1972/113/3, así coma os de A Madorra VI e 1972/113/7–8.

As análises morfométricas, tecnolóxicas e ponderais forneceron novos datos que veñen a confirmar recentes e novidosas aportacións para o estudo da ourivería castrexa feitas por diversos autores (PEREA, 1995 e RUÍZ-GÁLVEZ, 1995).

De cara a futuros estudos, a introducción de novos parámetros morfométricos de cara á elaboración dun ficheiro estandarizado de rexistro das pezas precisa dun urxente acordo entre os arqueólogos, así como a formación técnica destes —totalmente autodidacta até o presente— nos procesos de elaboración tecnolóxica das pezas e na introducción de cálculos estatísticos que permitan tirar maior información de utilidade pró futuro.

Por outra parte, é totalmente indispensable introducir as novas correntes metodolóxicas de análise propias da Arqueoloxía do Ouro nas mostras do noroeste (observación con lupa binocular, estudo en detalle da topografía co Microscopio Electrónico de Barrido ou MEB, microfotografías, análises de patróns metrolóxicos ponderais, etc.) por mor do seu prometedor potencial, vistos os seus sorprendentes resultados nos casos en que recentemente foron ou están a ser aplicadas (ARMBRUSTER & PEREA, 1994; PEREA, 1989, 1991, 1995; RUÍZ-GÁLVEZ, 1995, GALÁN & RUÍZ-GÁLVEZ, no prelo).

BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F., GARCÍA MARTÍNEZ, M. C. & GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. (1968): “*El castro de San Lourenzo do Pastor y su nuevo torques áureo*”. **Cuadernos de Estudios Gallegos**, vol. XXIII, fasc. 70, páxs. 129–135. Compostela. I.E.G.P.S.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. & CASAL GARCÍA, R. (1985): “*Un novo torques de aramos enrolados*”. **Brigantium**. Vol. 5, páxs. 261n269. A Coruña. M.A.H.C.S.A.
- ALMEIDA BAUTISTA, M., BÓVEDA FERNÁNDEZ, M. X. & VILASECO VÁZQUEZ, X. I. (1995): “*Galicia different place: da cronoloxía do ouro precastrexo e outros tópicos*”. **Historia Nova**, III, páxs.25–33. Compostela. A.G.H.
- ÁLVAREZ–OSSORIO Y FARFÁN DE LOS GODOS, F. (1954): **Tesoros españoles antiguos en el Museo Arqueológico Nacional**. Madrid. Ed. Maestre.
- ARMBRUSTER, B. R. & PEREA, A. (1994): “*Tecnología de herramientas rotativas durante el Bronce Final Atlántico: el depósito de Villena*”. **Trabajos de Prehistoria**, Vol. 51 (2), páxs. 69–87. Madrid. C.S.I.C.
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1992): “*Orfebrería Antigua da Terra de Melide*”. **Boletín do Centro de Estudios Melidenses**. Nº 7, páxs. 15–26. Melide. C.E.M.
- BANDERA ROMERO, M. L. de la (1986): “*Introducción al estudio de la joyería prerromana peninsular. Técnicas*”. **Habis**, vol. 17, páxs. 515–538. Sevilla. U.S.
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1957): “*Orígenes y relaciones de la orfebrería castreña*”. **Cuadernos de Estudios Gallegos**. Vol. XII, páxs. 5–28, 137–157 e 267–301. Compostela. I.E.G.P.S.
- BOUZA BREY, F. (1965): “*Tres torques áureos de Galicia*”. **Cuadernos de Estudios Gallegos**. Tomo XX, vol. 60, páxs. 5–11. Compostela. I.E.G.P.S.
- CALO LOURIDO, F. (1994): **A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa**. A Coruña.
- CARDOZO, M. (1959): “*Um novo achado em Portugal de jóias de ouro proto-históricas*”. **Revista de Guimarães**, Vol. LXIX, Números 1–2, páxs. 127–138 + láms. Guimarães. S.M.S.
- CASTRO PÉREZ, L. (1990): **Os torques prehistóricos**. Santiago. Biblioteca de Divulgación. Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- DELIBES de CASTRO, G. & ESPARZA ARROYO, A. (1989): “*Orfebrería celtibérica*”, páxs. 108n129. En AA.VV. **El oro en la España prerromana**. Madrid. Eds. Zugarto.
- GALÁN, E. & RUÍZnGÁLVEZ PRIEGO, M. (no prelo): “*Divisa, dinero y moneda. Aproximación al estudio de los patronos metrológicos prehistóricos peninsulares*”.
- HILDEBRANT, G. (1993): “*Münzen als Hacksilber in Schatzfunden vor der Iberischen Halbinsel*”. **Madridrer Mitteilungen**, vol. 44, páxs. 161–189. Madrid. I.A.A.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. A.(1931): **Os torques do noroeste hispánico**. Compostela. A.S.E.G.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. A. (1951): **Las joyas castreñas**. Madrid. C.S.I.C.–I.A.P.R.C.
- LÓPEZ GÓMEZ, F. S. (1985): “*Mitología y arqueología del oro gallego*”. **Revista de Arqueología**, n. 51, páxs. 36–44. Madrid. Eds. Zugarto.

- LUENGO MARTÍNEZ, J. M^a. (1979): “*El tesoro de Elviña y tres torques coruñeses*”. **Trabajos de Prehistoria**. Vol. 36, páxs. 213–246. Madrid. C.S.I.C.
- MONTEAGUDO, L. (1952): “*Torques castreños de alambres enrollados*”. **Archivo Español de Arqueología**. Vol. XXV, n. 86, páxs. 287–298. Madrid. C.S.I.C.
- MONTERO, S. & ROVIRA, S. (1991): “*El oro y sus aleaciones en la orfebrería prerromana*”. **Archivo Español de Arqueología**. N^o 64, páxs. 7–21. Madrid. C.S.I.C.
- OVIEDO Y ARCE, E. (1915): “*Dos nuevos torques de oro*”. **Boletín de la Real Academia Gallega**, Vol. IX, n. 99, páxs. 49–55. A Coruña. R.A.G.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1992): “*El primer milenio a.C. en el área gallega: génesis y desarrollo del mundo castrexo a la luz de la Arqueología*”, páxs. 373–394. En ALMAGRO GORBEA, M. & RUÍZ ZAPATERO, G. **Paleoetnología de la Península Ibérica**. Complutum 2–3. Madrid. Editorial Complutense.
- PEREA CAVEDA, A. (1989): “*Tecnología y métodos de estudio*”, páxs. 24–31. En AA.VV. **El oro en la España prerromana**. Madrid. Eds. Zugarto.
- PEREA CAVEDA, A. (1991): **Orfebrería prerromana. Arqueología del Oro**. Madrid. Ed. Caja de Madrid.
- PEREA CAVEDA, A. (1995): “*La orfebrería castreña asturiana*”, páxs 77–87. En AA.VV. **Astures**. Catálogo de la exposición. Xixón. Ed. Caja Asturias.
- PEREA CAVEDA, A. & SÁNCHEZ PALENCIA RAMOS, F. J. (1995): **Arqueología del oro astur**. Uvieu. Ed. Caja Asturias.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1989): “*Orfebrería castreña*”, páxs. 90–107. En AA.VV. **El oro en la España prerromana**. Madrid. Eds. Zugarto.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1991): “*Acheга tipolóxica para o estudio dos torques castrexos*”. **Gallaecia**. Vol. XII: páxs. 139–151. Compostela.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1992): “*Almacenamento de materias primas entre os ourives castrexos: lingotes planoconvexos*”, páxs. 97–130. En ACUÑA CASTROVIEJO, F. (Coord.), **Finis Terrae. Estudos en lembranza do profesor A. Balil**. Compostela. U.S.C.
- RUÍZ-GÁLVEZ PRIEGO, M. (1995): “*From gift to commodity: the changing meaning of precious metals in the later Prehistory of the Iberian Peninsula*”, páxs. 45–63. En MORTEANI, G. & NORTHOVER, P. (Eds.): **Prehistoric gold in Europe. Mines, metallurgy and manufactured**. N.A.T.O. A.S.I. Series. Netherland. Kluwer Publisher.
- SILVA, A.C.F. (1986): **A cultura castreja no noroeste de Portugal**. Paços de Ferreira. Cámara Municipal de Paços de Ferreira.
- VÁZQUEZ VARELA, X. M. (1993): “*La orfebrería*”, páxs. 214–225. En VÁZQUEZ VARELA X. M. & RODRÍGUEZ COLMENERO, A. **Arte prehistórico y romano**. Volume IX da Colección Galicia. A Coruña. Eds. Hércules.